



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Información pública estudo de viabilidade, para adxudicación do contrato de concesión servizos nas instalacións deportivas municipais da piscina cuberta climatizada da Ramallosa e das piscinas de verán de Insua (Luou) e Os Tilos no Concello de Teo

ANUNCIO

INFORMACIÓN PÚBLICA DO ESTUDO DE VIABILIDADE ECONÓMICO-FINANCIERA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DOS SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAL DA PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA DA RAMALLOSA E DAS PISCINAS DE VERÁN DE INSUA (LUOU) E NOS TILOS NO CONCELLO DE TEO

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 30/04/2025, acordou aprobar inicialmente o estudo de viabilidade económica financeira para o Contrato de Concesión dos servizos nas instalacións deportivas municipais da piscina cuberta climatizada da Ramallosa e da piscinas de verán de Insua (Luou) e Os Tilos no Concello de Teo.

De acordo cos artigos 285.2 en relación co 247.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público sométese a información pública mediante anuncio no Taboleiro de edictos do Concello, no BOP de A Coruña e na sede electrónica do concello durante o prazo dun mes a contar dende a publicación do anuncio no BOP, a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións que estimen pertinentes. Poderase consultar no portal de transparencia (<https://teo.gal/gl>) e na sede electrónica do Concello de Teo (<https://sede.teo.gal/sxc/gl/informacion/>).

No caso de que non se presentara ningunha alegación, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, facéndose así publico no BOP da Coruña e no perfil do contratante do Concello de acordo co artigo 247.7 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O expediente atópase a disposición das persoas interesadas no departamento de Secretaría do Concello de Teo, de luns a venres, en horario de 08:00 a 15:00 hs.

Teo, 2 de maio de 2025

A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

2025/2761